



## Que é Espazo Bibliotemas?

Trátase dunha nova sección da **web de Bibliosaúde** na que os membros do grupo técnico Bibliosaúde comparten pequenos artigos moi sintéticos sobre temas de interese para a organización.

O Espazo Bibliotemas está aberto a **colaboracións** de profesionais do sistema, ofrecendo a posibilidade de publicar un artigo referente ao seu campo. Pode poñerse en contacto connosco no email: [espazos.bibliosaude@sergas.es](mailto:espazos.bibliosaude@sergas.es)


## Que podemos atopar en Espazo Bibliotemas?

Recopilacións de ligazóns sobre temas sanitarios de interese, trucos informáticos que nos facilitan o traballo, pequenos informes sobre ferramentas de Bibliosaúde, notas informativas sobre a xestión da información...

Os temas son tan amplos coma as propias necesidades informativas dos traballadores, aínda que non son artigos que entran en profundidade nas cuestións que tratan, poderemos atopar ligazóns para obter máis información.

## Onde podo atopar Espazo Bibliotemas?

No recadro verde na parte superior da web de Bibliosaúde, na sección “Espazos”, atoparemos entre os diferentes espazos que ofrece Bibliosaúde “Espazo Bibliotemas”.



Os diferentes contidos de Espazo Bibliotemas tamén se publican nas redes sociais de Bibliosaúde, polo que tamén os poderás atopas nas contas de Facebook e Twitter de Bibliosaúde. Cada novo artigo tamén se difunde no carrusel multimedia da web.

## Ligazóns relacionadas:

Web de Bibliosaúde: <http://bibliosaude.sergas.es>

Facebook de Bibliosaúde: <https://www.facebook.com/pages/Bibliosaude/137654252957842>

Twitter de Bibliosaúde: <http://twitter.com/Bibliosaude>

## Instrucións para a elaboración dun Bibliotema

Os artigos que se publican neste espazo están dirixidos a unha **audiencia xeral**, e están accesibles a calquer persoa na páxina web de Bibliosaúde, polo que debe estar redactado dun xeito accesible e comprensible (non dirixido soo a expertos na materia).

### Extensión

O obxectivo é crear un texto breve que poida ser lido e asimilado en pouco tempo, recomendase unha extensión de non menos de 300 palabras e un máximo de 800.

### O que debe conter cada Bibliotema:

1. **Título**
2. **Puntos** que imos tratar, ou **introdución** breve: Trátase do texto que aparece destacado en cor verde.
3. **Nome** da persoa que o elabora, servizo ao que pertence e data de elaboración.
4. **Texto** propiamente dito, sempre é positivo que se acompañe de imaxes (máximo catro imaxes por Bibliotema).

The screenshot shows the Bibliosaúde website interface. At the top, there is a navigation bar with the logo 'Bibliosaúde' and logos for 'XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE' and 'SERVIZO GALEGO de SAÚDE'. Below the navigation bar, there is a search bar and a breadcrumb trail: 'Espazos > Espazo Bibliotemas > 2014-01. BiblioTemas: Google Drive, unha ferramenta ofimática gratuita'. The main content area is divided into four numbered sections:

- 1. Título:** '2014-01. BiblioTemas: Google Drive, unha ferramenta ofimática gratuita'.
- 2. Puntos:** A list of bullet points: 'Neste Bibliotema aprenderemos: • Qué é Google Drive e os usos que lle podemos dar no traballo • Cómo utilízalo e qué ferramentas ofimáticas nos ofrece • Utilízalo como ferramenta colaborativa na confección de documentos'. Below the list is a link: 'Ligazón para aprender máis'.
- 3. Nome:** 'Elaborado por Uxío Pérez Rodríguez. Grupo Técnico Bibliosaúde. (28/10/2014)'.
- 4. Texto:** A section titled 'Que é Google Drive?' with a sub-header 'Trátase dunha ferramenta ofimática gratuita online ofrecida por Google, antigamente era coñecida coma "Google Docs", e permitenos darlle os seguintes usos:'. It contains a list of bullet points: '• Creación dos principais tipos de documentos ofimáticos: Documentos de texto, presentacións, follas de cálculo, formularios e debuxos. • Subir os nosos documentos (por exemplo, PDFs, ou documentos de Microsoft Word) para ter unha copia de seguridade na nube e poder acceder a eles dende calquer ordenador. • Traballar de forma colectiva, permitindo compartir documentos e editalos con compañeiros de traballo'. Below this is a sub-section 'Como utilízalo?' with the text: 'Se xa dispoñemos dunha conta de Google podemos utilízala en Google Drive, se non a temos, debemos creala na seguinte ligazón:'. At the bottom of the section is the URL: 'https://accounts.google.com/signin?hl=es'.

On the right side of the main content area, there is a 'Clasificación' box with the following categories: 'Temas, Formación, Guías' and 'Espazos'.

Pode atopar **exemplos** no propio Espazo Bibliotemas:

<http://bibliosaude.sergas.es/Paxinas/web.aspx?tipo=paxtxt&idLista=4&idContido=738&migtab=737%3b738&idTax=4025>

Unha vez **rematado**, remita o escrito en **formato Microsoft Word** xunto as **imaxes adxuntas** á dirección: [espazos.bibliosaude@sergas.es](mailto:espazos.bibliosaude@sergas.es)